



A Homilía... e algunhas cousas máis

Manuel Regal Ledo¹



Nesta breve achega queremos axudar a reflexionar sobre dous feitos que configuran a realidade de calquera acto litúrxico e especialmente a liturxia eucarística. Por unha parte decatámonos de que a liturxia eucarística é un todo que se realiza a través de diferentes elementos: espazo, corpo, símbolos, acción, palabra e silencio. E por outra que, por iso mesmo, na acción litúrxica poden desenvolverse unha serie de pequenas achegas que, feitas con criterio e boa medida, dignifican a acción litúrxica, favorecen a participación da comunidade e posibilitan unha maior comprensión e viveza da acción litúrxica, e a que os seus efectos se palpen máis claramente na vida da comunidade que a celebra. A homilía non o é todo, nin moito menos. O conxunto da celebración é o que se converte en palabra viva, en algo transmisor, ou non, da forza da presenza de Deus nas nosas vidas. Celebrar ben axudaranos a superar esa frecuente percepción de que a acción litúrxica, a Eucaristía en concreto, sexa un aburrimiento. O espazo breve dunha achega obríganos a unha presentación moi esquematizada do que queremos dicir; esperamos que iso non lle roube claridade e utilidade².

1.- Algunhas referencias históricas imprescindibles

Non estamos ante ningunha novidade. A liturxia foi un dos motores do cambio eclesial desde xa antes do Vaticano II. Froito dese

1 Manuel Regal Ledo é membro do Consello da Revista *Encrucillada*.

2 A quen o desexe ofrecémoslle unha presentación máis detallada en *PowerPoint* do escrito nesta achega co título de «Celebración eucarística dominical». No caso, dirixirse a manuelregalledo@gmail.com.